

MÓDULO 4. XOGO: A UE NA NOSA VIDA DIARIA

PREGUNTAS PARA OS ALUMNOS

PREGUNTAS PARA OS ALUMNOS	SOLUCIÓN	EXPLICACIÓN
1. Que nivel político decide o límite de velocidade na autovía?	Non UE	As normas de tráfico difiren entre os Estados membros da Unión; por exemplo, en Irlanda, Malta e Chipre condúcese polo lado esquerdo da estrada. Non obstante, os códigos de tráfico coordinanse a nivel europeo e o permiso dos condutores europeos é válido en toda a Unión.
2. Que nivel político determina que tes unha garantía mínima de dous anos cando compras un ordenador portátil novo?	UE	Protección dos consumidores: de conformidade coa lexislación da UE, os fabricantes deben ofrecer unha garantía de polo menos dous anos sobre os dispositivos electrónicos como teléfonos intelixentes, impresoras, ordenadores portátiles, aspiradoras, máquinas de café, etc.
3. Que nivel político decide cando se recolle o lixo?	Non UE	É principalmente o nivel local o que decide cando se recolle o lixo. É totalmente lóxico: se a Unión fose responsable da recollida do lixo, xerárase un caos, porque non está na posición axeitada para coñecer as necesidades específicas de cada cidade.
4. Que nivel político decide a información que ves nunha lata de refresco: ingredientes, calorías, información de contacto do produtor etc.?	UE	Protección dos consumidores: a UE desexa que os cidadáns dispoñan dunha información correcta e completa sobre os produtos que consomen. Veláí a razón pola que os alimentos e os produtos cosméticos deben incluír determinada información na súa etiquetaxe, como os ingredientes e o nome do fabricante.
5. En que nivel goberamental se determinan as normas de seguridade que debe cumprir o teu teléfono intelixente?	UE	Mercado único e protección do consumidor: a UE determina as normas de seguridade para os produtos vendidos dentro do Espazo Económico Europeo (EEE).
6. Que nivel político decide o que tes que aprender ao remate de cada curso académico?	Non UE	A Unión non determina a forma en que se organiza a educación e o seu contido. En consecuencia, os obxectivos finais de aprendizaxe difiren entre os Estados membros da Unión (e ás veces entre rexións).
7. Que nivel político ten a competencia para enviar tropas militares a zonas de conflito no mundo?	Non UE	A Unión non ten exército. A política exterior e de defensa é competencia nacional. Os Estados membros si intentan coordinar as misións a nivel europeo, da mesma maneira que dentro da OTAN.
8. Que nivel político determina o mínimo de 20 días de descanso ao ano para os traballadores a tempo completo?	UE	A Directiva sobre o tempo de traballo da UE, adoptada inicialmente en 1993, concédelles aos traballadores o dereito a «un período de, polo menos, catro semanas de vacacións anuais retribuídas». Cada sector ou Estado membro pode aumentar os días aos que se teñen dereito, pero o mínimo é de vinte.
9. Que nivel político determina as condicións para a formación de condutores e os requisitos necesarios para aprobar un exame de condución?	Non UE	Aínda que a Unión non determine estas condicións, o teu permiso de condución é inmediatamente válido en toda a Unión e ten un formato europeo estándar.

10.	A que nivel goberamental se introducirá a prohibición dos plásticos desbotables, coma os cubertos dun só uso e as pallas de plástico, a partir do 2021?	UE	A UE aprobou unha nova lei que prohibe os artigos de plástico dun só uso, coma os pratos, os cubertos e as pallas desbotables, así coma os bastonciños de algodón. A prohibición entrará en vigor a partir do 2021.
11.	A que nivel goberamental se determina o obxectivo mínimo no tocante á cota de enerxía procedente de fontes renovables, coma a solar ou a eólica?	UE	Para facilitar a transición dos combustibles fósiles cara a unha enerxía máis limpa e cumprir os seus compromisos do Acordo de París, a UE estableceu un obxectivo vinculante de, polo menos, o 32 % de fontes de enerxía renovables na combinación enerxética da UE ata o 2030. Esta porcentaxe varía en función da situación de cada Estado membro.
12.	Que nivel político toma as decisións sobre o permiso de construción da túa vivenda?	Non UE	Son principalmente as autoridades locais as que expiden os permisos de construción de vivendas privadas.
13.	A que nivel político pagas os impostos?	Non UE	A Unión non recada impostos directamente dos seus cidadáns. Cada Estado membro ten que pagarlle unha suma anual á Unión, que é unha contribución ao orzamento europeo.
14.	Que nivel político toma as decisións sobre os días festivos: datas e número de días?	Non UE	Os Estados nacionais toman normalmente estas decisións.
15.	Que nivel político determina a cantidade máxima de partículas finas permitidas no aire?	UE	A Unión determina moitas medidas medioambientais; por exemplo, a calidade da auga dos ríos, lagos e mares.
16.	Onde tes que rexistrar o teu matrimonio?	Non UE	Son principalmente as autoridades locais as que se encargan do rexistro de poboación e do estado civil.

